

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Orde do 16 de outubro de 2009 pola que se modifica a Orde do 2 de febreiro de 2009, pola que se regula a concesión de axudas por danos provocados nos establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís e nas infraestruturas enerxéticas e turísticas de titularidade municipal, pola que se desenvolve o Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do día 23 de xaneiro de 2009.*

A Consellería de Innovación e Industria ditou a Orde do 2 de febreiro de 2009 pola que se regulaba a concesión de axudas por danos provocados nos establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís e nas infraestruturas enerxéticas e turísticas de titularidade municipal, pola que se desenvolve o Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do día 23 de xaneiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 23, do 3 de febreiro).

O artigo 6, relativo ao crédito destinado ás axudas, establece que se destinará unha contía de 3.800.000 euros sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, que no caso de se producir serían obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e non suporía a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes. O devandito artigo establece que para as axudas relativas a infraestruturas enerxéticas municipais o financiamento se imputará ao crédito previsto na aplicación orzamentaria seguinte: 10.03.733B.760.7, polo importe de 800.000 euros.

Por Orde do 16 de xullo de 2009 modificouse o artigo 6 da devandita Orde do 2 de febreiro de 2009, no referente ao crédito orzamentario da partida 44.04.733B.760.7, que pasa a ser de 1.950.0000 euros, debido ao elevado número de solicitudes presentadas na modalidade de infraestruturas enerxéticas municipais e o seu importe subvencionable.

Tendo en conta que, despois da modificación a que se fai referencia no parágrafo anterior, o investimento subvencionable segue a superar a contía dispoñible na partida orzamentaria correspondente, é necesario incrementar novamente o crédito para poder atender todas as solicitudes.

En consecuencia, en uso das atribucións que me foron conferidas,

#### DISPOÑO:

##### Artigo único

Modificar o artigo 6 da Orde da Consellería de Innovación e Industria do 2 de febreiro de 2009, no referente ao crédito orzamentario da partida 44.04.733B.760.7, que pasa a ser de 2.250.0000 euros.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2009.

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria

*Orde do 29 de outubro de 2009 de modificación do artigo 14.1º do anexo I da Orde do 31 de decembro de 2008 da Consellería de Innovación e Industria (Diario Oficial de Galicia do 17 de febreiro de 2009), pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións para adecuación dos establecementos comerciais ao seu contorno competitivo en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN214A).*

Pola Orde do 31 de decembro de 2008 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de subvencións para adecuación dos establecementos comerciais ao seu contorno competitivo en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2009.

No artigo 14º.1 da devandita orde establécese que, para cobrar a subvención concedida, a persoa beneficiaria deberá presentar a documentación sinalada nel, tendo de prazo para presentala ata o 30 de outubro de 2009.

Tendo en conta o atraso producido na resolución das solicitudes de concesión das devanditas subvencións, motivado polo volume das presentacións e polo longo proceso de avaliación e co fin de viabilizar os procesos de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar o referido precepto.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do artigo 14º.1 do anexo I da Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións para adecuación dos establecementos comerciais ao seu contorno competitivo en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (Código de procedemento IN214A).

O primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 14º do anexo I da referida orde queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para cobrar a subvención concedida, a persoa beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación en orixinal ou copia compulsada nos lugares sinalados no artigo 2º da convocatoria, tendo de prazo para presentala ata o 21 de novembro de 2009:

(...)

#### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2009.

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria